

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 30 de abril de 2025 aprobou o Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS), nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co Vº e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS E LITERARIAS (İLTİUS)

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (İLTİUS)

Aprobado no Consello de Goberno do 30 de abril de 2025

PREÁMBULO

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten entre as súas funcións as da investigación, a valorización e a transferencia do coñecemento e o apoio científico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega, segundo se expresa no art. 4.1 dos seus Estatutos.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a USC estrutúrase en diversos tipos de unidades. Entre elas, os institutos universitarios de investigación defínense como centros destinados á investigación científica, técnica e humanística ou á creación artística, segundo o capítulo IV, artigo 53.1 dos Estatutos da USC aprobados en 2014. Actualmente, estas unidades réxense polo *Regulamento de Creación e Xestión de Institutos da USC, de 18 de outubro de 2017* modificado o 31 de xaneiro de 2018. Na introdución dese Regulamento explicitábase que “*atende á necesidade da USC de actualizar o seu modelo de organización da investigación co fin de maximizar a calidade da súa produción científica e o impacto que esta poida xerar en favor da sociedade*” e que responde ao “*obxectivo último de promover unha estruturación e organización das capacidades de I+D+i mais competitivas arredor dunha serie de eidos do coñecemento nos cales se posúa ou se poidan desenvolver vantaxes competitivas e que a súa vez estean arraigados e conectados con outros activos e competencias do territorio*”.

Neste marco, o Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias nace pola iniciativa dun grupo de investigadores e investigadoras das áreas de coñecemento da lingüística e da literatura, procedentes de diversos grupos de investigación, que procuran artellar unha nova estrutura científica que dea cumprimento ao devandito obxectivo.

CAPÍTULO I

Denominación, natureza, fins e sede

Artigo 1. Denominación

O Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (İLTİUS) constitúese como instituto de investigación da Universidade de Santiago de Compostela (USC), co gallo de adaptarse ás novas iniciativas e políticas de I+D+I internacionais, e co obxectivo estratéxico de abordar, desde unha perspectiva plurilingüe, o complexo contexto histórico e socio-cultural no que se desenvolveron e transmitiron as linguas obxecto de estudo e os seus textos, orais e escritos, como patrimonio que debe ser transferido á sociedade actual para que, a través do coñecemento dos valores culturais do pasado, reafirme a súa propia identidade.

Artigo 2. Natureza

O İLTİUS, como Instituto propio da USC, depende organicamente do Consello de Goberno da USC e rexeráse por:

- a) A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, de universidades.
- b) A lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

- c) Os Estatutos da USC.
- d) O Regulamento de Creación e Xestión de Institutos da USC, de 18 de outubro de 2017, modificado o 31 de xaneiro do 2018.
- e) O presente Regulamento.

O Instituto forma parte do conxunto de Institutos Universitarios de Investigación da USC, como unha unidade de investigación supragrupal, cunha vocación de referencia e permanencia, integrando investigadores de elevada competencia científica fundamentalmente do ámbito da lingüística e literatura, actuando como referencia na súa proxección académica, social e económica.

Artigo 3. *Fins do Instituto*

A investigación de excelencia e o desenvolvemento tecnolóxico no campo da Lingüística e da Literatura, para abordar, desde unha perspectiva plurilingüe, o complexo contexto histórico e socio-cultural no que se desenvolveron e transmitiron as linguas obxecto de estudo e os seus textos, orais e escritos, como patrimonio que debe ser transferido á sociedade actual para que, a través do coñecemento dos valores culturais do pasado, reafirme a súa propia identidade.

Os obxectivos básicos do instituto son, entre outros:

- a) Planificar, desenvolver e avaliar periodicamente a súa Axenda Científica, na que se reflectirán os obxectivos científicos e as liñas de investigación do Instituto.
- b) Formar talento investigador e apoiar o desenvolvemento da carreira científica seguindo as directrices fixadas na estratexia de xestión de recursos humanos de investigación da universidade.
- c) Proxectar cara o tecido científico, social e produtivo as capacidades e o coñecemento xerado no desempeño da súa misión a través da divulgación, valorización e transferencia.
- d) Adoptar unha orientación internacional para favorecer o desenvolvemento de colaboracións científicas, o acceso a redes e a participación en iniciativas institucionais.
- e) Actuar considerando os principios de investigación e innovación responsables no que se refire a cuestións éticas, políticas de xénero, acceso aberto e implicación coa sociedade e a cidadanía.

Artigo 4. *Sede*

A sede central do Instituto estará no Centro de Estudos Avanzados, CEA, Parque de Vista Alegre.

Adicionalmente, as actividades do Instituto desenvolveranse nas facultades e demais edificios da USC nos que desenvolva a súa actividade o persoal investigador vinculado ao mesmo.

CAPÍTULO II

Dos Órganos de Goberno

Artigo 5. *Órganos de Goberno*

O ILTIUS estará rexido por órganos de goberno colexiados e unipersoais.

Os órganos colexiados son:

- Xunta de Goberno
- Consello Científico

Os órganos unipersoais son:

- Director ou directora
- Secretario ou secretaria

Actuará como órgano consultivo do Instituto a Comisión Asesora Externa (CAE).

Artigo 6. *Xunta de Goberno*

1.- O ILTIUS estará rexido por unha Xunta de Goberno composta por:

- O reitor/a, ou vicerreitor/a en quen delegue, que a presidirá e convocará.
- O vicerreitor/a con competencias en investigación da USC.
- Un/unha vogal en representación do Consello de Goberno da USC, nomeado polo reitor.
- Un/unha vogal en representación do Consello Social da USC.
- O director ou directora do Instituto.
- O secretario ou secretaria do Instituto, que o será tamén da Xunta de Goberno.

2.- Son funcións da Xunta de Goberno:

- a) Aprobar a elección do/a director/a do Instituto, a proposta do Consello Científico, e previo informe favorable da CAE.
- b) Aprobar a remoción do/a director/a do Instituto, a proposta da maioría absoluta dos membros do Consello Científico.
- c) Aprobar a proposta de orzamentos e a programación do Instituto.
- d) Aprobar a memoria anual de actividade e a memoria económica do instituto, e dar conta das mesmas ao Consello de Goberno da USC.
- e) Promover o financiamento e dotación do Instituto.
- f) Nomear a Comisión asesora externa prevista neste Regulamento e establecer o seu funcionamento.
- g) Ratificar a proposta de ingreso de novos membros e aprobar a súa desvinculación.
- h) Propor ao Consello de Goberno da USC a modificación deste regulamento.

Artigo 7. *O Consello Científico*

1.- O Consello Científico estará formado por:

- O director ou directora do Instituto, que o convocará e presidirá.
- O secretario/a do Instituto, que o será tamén do Consello Científico.
- Seis persoas do colectivo do persoal docente e investigador (PDI) en representación das principais áreas de traballo definidas na axenda científica do Instituto.
- Un representante do persoal investigador non permanente
- Un representante do persoal investigador en formación vinculado ao instituto.

Os representantes serán elixidos por sufraxio directo no seo de cada sector agás os PDIs, que o serán por cada área de traballo, ou agrupación delas, do Instituto.

2.- Son funcións do Consello Científico:

- a) Propor á Xunta de Goberno do Instituto o nomeamento do/a director/a.
- b) Aprobar o ingreso de novos membros do persoal científico do Instituto, co informe previo da Comisión Asesora Externa (CAE). Este ingreso deberá ser ratificado pola Xunta de Goberno do Instituto.
- c) Propor a desvinculación de persoal docente e investigador ao instituto á Xunta de Goberno, previo informe da CAE, de ser pertinente.
- d) Informar das propostas de programas, do orzamento, da memoria económica e da memoria de actividades do Instituto.
- e) Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do Instituto e vixiar a súa realización.
- f) Informar dos contratos do Instituto e dos seus membros.

Artigo 8. *Funcionamento da Xunta de Goberno e do Consello Científico*

A Xunta de Goberno reuniranse en sesión ordinaria cando menos unha vez cada ano e o Consello Científico cando menos dúas veces cada ano. Adicionalmente, tanto a Xunta de Goberno como o Consello Científico poderán reunirse en sesión extraordinaria, á iniciativa do seu presidente/a, do director/a do Instituto ou da maioría dos seus membros.

As reunións celebraranse na sede do Instituto agás no caso de que, por razón xustificada, o/a convocador da reunión acorde un lugar diferente, ou ben mediante o uso de medios electrónicos. A convocatoria, que deberá incluír a Orde do día e a documentación correspondente, remitirase a tódolos membros con dous días de antelación por correo electrónico.

Para a validez da constitución da Xunta de Goberno ou do Consello Científico en primeira convocatoria é necesaria a presenza do presidente/a do secretario/a, ou as persoas que legalmente os substitúan, e polo menos a metade dos restantes membros. Na segunda convocatoria abondará coa presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a máis un terzo dos restantes membros.

Os acordos poderanse tomar por asentimento, maioría simple dos membros presentes mediante votación a man alzada ou, con carácter excepcional, mediante votación secreta, cando afecte a persoas concretas, sempre que así o solicite algún dos membros presentes.

As actas das reunións, que se aprobarán na seguinte sesión ordinaria, estarán a disposición dos membros do órgano colexiado que corresponda, para a súa consulta, despois da celebración da reunión. De tódolos xeitos, poderanse expedir certificacións dos acordos adoptados aínda que non estea aprobada a acta correspondente, facendo constar esta circunstancia na certificación.

Artigo 9. *Dirección*

1.- O director/directora

O director ou directora será elixido entre o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela con título de doutor e vinculación permanente á Universidade, con vinculación ao Instituto.

2.- Corresponde ao/á director/a:

- a) A convocatoria do Consello Científico, a súa presidencia, a execución dos seus acordos e a xestión ordinaria do Instituto.
- b) A representación do Instituto no ámbito da súa competencia.

- c) A elaboración das propostas de orzamento e programación de actividades.
- d) A redacción das memorias anuais de actividades e económica.
- e) A proposta ao reitor do nomeamento de secretario/a do Instituto.
- f) A autorización de gastos do orzamento anual.

Artigo 10. *Secretaría*

O director/a do Instituto será asistido por un secretario/a, nomeado polo reitor/a de entre o persoal docente e investigador vinculado ao mesmo, ou os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no Instituto, a proposta do director/a.

1.- Serán funcións do secretario/a:

- a) Dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno do Instituto.
- b) Redactar as actas das sesións dos citados órganos de goberno.
- c) Expedir certificados no ámbito da súa competencia.
- d) Custodiar o arquivo e a documentación do Instituto.
- e) Realizar aquelas tarefas que lle sexan encomendadas polo director/a, de acordo coa lexislación vixente.
- f) Auxiliar ao director/a nas súas funcións e substituílo en casos de ausencia ou enfermidade. Neste último caso, as funcións de secretario/a serán desenvolvidas polo PDI de menor categoría e antigüidade de acordo cos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

CAPÍTULO III **Comisión Asesora Externa**

Artigo 11. *Comisión Asesora Externa (CAE)*

A Comisión Asesora Externa (CAE) establécese como un órgano asesor integrado por científicos de prestixio no campo de actuación do ILTIUS. Será designada polo/a reitor/a a proposta da Xunta de Goberno do Instituto, que establecerá o seu réxime de funcionamento. O nomeamento dos membros da CAE farase por catro anos, renovables.

Serán funcións da CAE:

- a) Asesorar ao director/a do Instituto e á Xunta de Goberno sobre calquera aspecto relacionado co funcionamento do Instituto e sobre a súa Axenda Científica.
- b) Avaliar periodicamente a actividade do Instituto e do seu persoal investigador, e emitir os correspondentes informes de valoración.
- c) Informar do interese de vinculación de novos membros ao Instituto.
- d) Informar o nomeamento dos coordinadores/as das unidades do Instituto, de habelas.
- e) Avaliar o plan de acción cuadrienal do Instituto.

CAPÍTULO IV **Do persoal**

Artigo 12. *Persoal Investigador: Vinculación, desvinculación, avaliación e permanencia*

1.- O persoal investigador do Instituto ILTIUS estará formado por:

- 1. Persoal investigador vinculado permanente:

- a. PDI doutor da USC entre cuxas funcións na Universidade se inclúan tarefas investigadoras, vinculado ao instituto previa avaliación da CAE, e/ou investigadores/as doutores doutras institucións adscritos á USC mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co Instituto.
- b. Persoal investigador doutor contratado especificamente con cargo a programas de recursos humanos competitivos ou de captación de talento con compromiso de estabilización.

Dentro deste tipo de persoal inclúense os investigadores/as qarantes que deben cumprir:

- Ter polo menos dous sexenios de Investigación ou transferencia.
- Ter sido investigador/a responsable de proxectos de I+D do programa Marco da UE ou do Plan Estatal de I+D da Administración Xeral do Estado nos catro anos anteriores a presentar a proposta. Quedan excluídas as accións complementarias e de mobilidade.
- Ter dirixido, polo menos, algunha tese de doutoramento, nos oito anos anteriores á presentación da proposta.

2. Persoal Investigador non permanente: Persoal investigador contratado especificamente con cargo a proxectos de investigación do instituto, de acordo co marco laboral e normativo aplicable.
3. Persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela que conte coa dirección ou codirección dun investigador vinculado ao Instituto.
4. Persoal colaborador: Doutores/as pertencentes a outras entidades públicas ou privadas que colaboren en proxectos e actividades do Instituto e que contén coas autorizacións que procedan para constar como colaborador/a do ILTIUS por parte do organismo co que teña relación contractual. A colaboración co ILTIUS non supón relación laboral coa USC.

2.- A vinculación dun/ha investigador/a ao ILTIUS realizarase en base a criterios de méritos de investigación e idoneidade do candidato/a, e da adecuación do seu currículo e proxecto investigador á axenda científica do Instituto.

O persoal que desexe incorporarse como *Persoal Investigador Vinculado* ao Instituto deberá solicitar a súa admisión ao Consello Científico, achegando o seu *Curriculum vitae*, e o seu proxecto investigador, que deben ser coherentes coa axenda científica do Instituto. A incorporación de novo persoal investigador deberá ser aprobada polo Consello Científico, previo informe favorable da CAE, e ratificada pola Xunta de Goberno do Instituto.

A actividade do persoal investigador do Instituto será avaliada pola CAE cada 4 anos. O informe razoado da mesma decidirá a súa continuidade ou non no Instituto.

Os criterios de avaliación a ter en conta no proceso de vinculación e permanencia serán:

- a) Sexenios de investigación recoñecidos e resultados da avaliación da actividade investigadora recoñecidos por ACSUG.
- b) Traxectoria investigadora, coherente coa axenda científica do Instituto.
- c) Publicacións, patentes e teses de doutoramento dirixidas.
- d) Proxectos e contratos coordinados.
- e) Outros méritos.

O compromiso de vinculación do persoal investigador ao ILTIUS será, como mínimo, de catro anos.

No caso de persoal colaborador, este deberá solicitar a súa admisión como colaborador do ILTIUS ao Consello Científico, achegando o seu *Curriculum vitae* e xustificación da pertinencia da solicitude. O compromiso do persoal colaborador co Instituto será dun mínimo de tres anos.

A desvinculación do persoal do Instituto será aprobada pola Xunta de Goberno do Instituto:

- a) A instancias do Consello Científico do Instituto, da CAE e/ou do director do Instituto.
- b) A instancias do interesado/a, por calquera causa, cun preaviso de nove meses, agás que haxa un acordo para establecer outro prazo.
- c) Por perda de vinculación contractual coa USC.

Artigo 13. *Persoal de apoio á investigación e persoal de administración*

1. O Instituto poderá contar con persoal de apoio á investigación con destino no Instituto, ou contratado, que levarán a cabo tarefas de apoio técnico e de xestión da investigación.
2. O centro poderá contar con persoal de administración con destino no centro, ou contratado, que levará a cabo tarefas de apoio administrativo.

CAPÍTULO V Réxime económico e medios

Artigo 14. *Orzamento. Ingresos do Instituto*

O Instituto terá as súas propias partidas de ingresos e gastos, que formarán parte dos orzamentos xerais da Universidade e xestionarase de acordo coas normas xerais orzamentarias que lle sexan aplicables.

Serán ingresos do Instituto:

- a) As cantidades que se lle dediquen nos orzamentos anuais da Universidade.
- b) As porcentaxes que se determinen dos ingresos por proxectos, contratos, cursos e servizos tecnolóxicos prestados polo Instituto ou dos ingresos por regalías derivados de procesos de transferencia onde figuren como inventores persoal investigador vinculado ao Instituto.
- c) As doazóns que se reciban procedentes de entidades públicas e privadas.

Artigo 15. *Medios materiais*

Serán medios materiais do Instituto os adquiridos con cargo aos seus orzamentos, os doados ou cedidos por entidades públicas ou privadas, e os adquiridos en proxectos de infraestrutura presentados polo Instituto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do acordo de Consello de Goberno no taboleiro electrónico da USC.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/05/2025 14:09:48.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/05/2025 15:49:02.

CSV: F2DC-72BA-48C1-9061